

GUÍA DIDÁCTICA **XEACRONOS 1º ESO**



1. *Apuntamentos*

Dispós de dous documentos co mesmo contido pero en distinto formato:

- Un en formato *.odt* para poder editalo cun procesador de textos convencional.
- Outro en formato *Libro* de Moodle, que permite unha mellor visualización do documento en internet.

A idea foi crear un documento base, partindo do proxecto curricular da nosa materia, sobre o que traballar o tema e que pode ser editado e modificado facilmente en cada un dos dous formatos.

Partindo da definición de **tempo e clima** e marcando as súas diferenzas, analízanse os elementos que os conforman (**temperatura, humidade, precipitacións, presión e ventos**) así como os factores que inflúen en cada un deles. Nun dos apartados, explícase como se fai a lectura dos mapas do tempo.

1 TEMPO E CLIMA

2 ELEMENTOS METEOROLÓXICOS

2.1 A Temperatura

2.2 Factores que modifican a temperatura

2.3 Humidade e precipitacións

2.4 Factores que modifican as precipitacións

2.5 Tipos de precipitacións

2.6 A presión atmosférica

2.7 O vento

2.8 Tipos de vento

Fontes dos apuntamentos (baixo licenza CC):

· [Isaac Buzo](#).

· [Daniel Gómez Valle](#).



2. Recursos

Neste apartado dispós dos recursos web relacionados co tema que usamos nos apuntamentos anteriores e que aparecen sinalados cos iconos de:



Vídeo



Flash



Presentación

Recurso	Descrición
<i>Temperaturas e precipitacións mundiais</i>	Dous imaxes en formato GIF que mostra os cambios, a nivel mundial, nas temperaturas e as precipitacións ao longo dun ano.
<i>O ciclo da auga</i>	Animación flash de educaMadrid.net
<i>Lectura dos mapas meteorolóxicos</i>	Animación flash do Banco de Imaxes do INTEF de Rosa Leva
<i>Os monzóns</i>	Vídeo/animación que explica o fenómeno dos monzóns



3. Actividades

Neste apartado tes unha serie de actividades de repaso dos contidos e de profundización dos mesmos.

Actividade	Descrición
· <i>Actividade de compresión lectora</i>	Cuestionario autoavaliabile de moodle
· <i>Actividade en formato LIM de repaso e profundización do tema</i>	Paquete de actividades de repaso e ampliación realizadas por JL Rodríguez Rodríguez
<i>A importancia das correntes mariñas</i>	<i>Exercicio que se baixa nun documento pdf e pode facerse de xeito tradicional ou se pode mandar pola plataforma.</i>



4. Obradoiro TIC

Presentámosche unha actividade para que o alumnado desenvolva habilidades relacionadas coas ferramentas TIC. Neste caso o alumnado terá que elaborar un climograma (que usaremos no tema seguinte) empregando a ferramenta **calc** de *LibreOffice*. No curso dispoñen do titorial e dun arquivo calc con datos climatolóxicos de varias cidades para que podan practicar.



5. Enlaces

Aquí tes outros recursos web para que o alumnado reforce ou profundice distintos aspectos do tema.

Link	Descrición
<i>Vídeo: Presións e ventos (4')</i>	Vídeo que explica a distribución das presións e ventos na atmosfera
<i>Facer un climograma con papel</i>	Vídeo de educacion.practicopedia.lainformacion.com que explica como facer un climograma do xeito tradicional, por se non se fai a actividade TIC anterior.
<i>Variables meteorolóxicas</i>	Animación da Xunta de Andalucía sobre as variables meteorolóxicas e o seu rexistro.
<i>As correntes mariñas</i>	Animación flash que afonda nas correntes mariñas